

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 13 DE NOVEMBRO

### 1. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2023/00024623V.**

Licenza para a eliminación de barreiras do edificio na rúa Frei Rosendo Salvado, 10 |  
Concédesse a licenza para realizar, á comunidade de propietarios Frei Rosendo Salvado 10 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Sebastian Ríos Ernst presentado o 29/05/2023 e a documentación de data de visado do 07/07/2023, cun orzamento de execución material de 71.815,75€, a eliminación de barreiras do edificio sito na rúa Frei Rosendo Salvado, 10 Santiago de Compostela.

### 2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2023/00022807H.**

Aceptar cesión de viario e licenza para o proxecto básico de construción vivenda familiar e piscina en Canteiras de Sar, 48 |

Apróbase:

Primeiro.- Aceptar a cesión de viario formalizada na escritura pública de data 27/07/2023, outorgada ante o notario don Héctor Ramiro Pardo García, co número de protocolo 481.

Segundo.- Conceder a licenza para o proxecto básico redactado polos arquitectos Alberto Quintáns Arrondo e Cristina Ansede Viz presentado o 12/05/2023 e documentación complementaria do 28/07/2023 e do 19/09/2023, cun orzamento de execución material de 256.386,55 €.

### 3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2022/00046528F.**

Licenza para a construción de piscina en rúa Bando de Abaixo, 32. |

Concédesse a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto José Cupeiro Torres de data de visado do 04/05/2022, cun orzamento de execución material de 5.965,69 €, a construción de piscina na rúa Bando de Abaixo, 32 Santiago de Compostela ( A Coruña).

### 4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: **2023/00030339Y.**

Licenza para cambio de uso de rocho a vivenda no inmovible sito na rúa Valiño, 15-3º |

Concédesse a licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto técnico asinado polo arquitecto Jesús Morales Rodríguez de data de visado do 04/07/2023, cun orzamento de execución material de 49.481,34 €, o cambio de uso de rocho a vivenda no inmovible situado na rua Valiño 15 -3º Santiago de Compostela.

### 5. PATRIMONIO. Referencia: **2023/00037140E.**

Autorizar a transmisión da parcela BB2 do SUNP-11 polo mesmo prezo da adxudicación a Alto Castiñeiriño S.C.G.V |

Acórdase autorizar a transmisión da parcela de protección denominada BB-2 do SUNP11(VPA-RX) a ALTO CASTIÑEIRIÑO, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA DE VIVENDAS polo mesmo prezo de adxudicación, debendo subrogarse o comprador na posición xurídica do adxudicatario, con suxeición ás limitacións e condicións

establecidas no alleamento da parcela municipal que deberán reproducirse na escritura de venda.

**6. LICENZAS DE APERTURA.** Referencia: **2023/00001659P**.

Denegación de licenza de obras para implantación de estación de servizo de combustible na RÚA POZA REAL DE ARRIBA, 27

Acórdase denegar a licenza de obras para implantación de estación de servizo de combustible na RÚA DA POZA REAL DE ARRIBA, 27, parcela con referencia catastral 5253438NH3455C, por tratarse de uso non permitido polo PXOM segundo fundamentos expostos.

**7. LICENZAS DE APERTURA.** Referencia: **2021/00009389C**.

Denegación de licenza de obras de legalización de edificación auxiliar para almacén no Lugar de Formarís 26 A

Acórdase denegar a concesión de licenza de obras de legalización de edificación auxiliar destinada a almacén no Lugar de Formarís, 26 A, con referencia catastral 15079B511015300001OD por no ter o inmovible a condición de soar ao non conectarse o saneamento á rede municipal e ao producirse un movemento de terras relevante non xustificado consonte fundamentos de dereito expostos.

**8. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00036038R**.

Adxudicación do contrato "Obras definidas no proxecto de construción: "Rehabilitación de firme, mellora da accesibilidade e seguridade peonil na rúa Camiño dos Vilares. Tramo rúa Camiños da Vida- rúa Follas Novas"" a FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. con por importe de 71.339,67 euros sen IVE

Apróbase:

Primeiro: Adxudicarlle, por ser a súa oferta a máis vantaxosa, o contrato que ten por obxecto as Obras definidas no proxecto de construción "Rehabilitación de firme, mellora da accesibilidade e seguridade peonil na rúa Camiño dos Vilares. Tramo rúa Camiños da Vida- rúa Follas Novas" a FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L. que presenta unha proposición económica de 86.321,00 € (base impositiva de 71.339,67 € máis IVE do 21% de 14.981,33€).

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 86.321,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 060 15321 6190003 (Código de proxecto: 2022 4 RLTOU 47 3).

**9. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00032880V**.

Adxudicación do contrato baseado no Acordo Marco da AMTEGA de servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos (expediente amt-2021-0044) para a operación e xestión do centro de operacións de seguridade (soc) do Concello de Santiago de Compostela a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, SA

Apróbase:

Primeiro: Adxudicar o contrato baseado no Acordo Marco da AMTEGA dos servizos de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos (expediente amt2021-0044) para a operación e xestión do centro de operacións de seguridade (SOC) do Concello de Santiago de Compostela, á empresa TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES. DE ESPAÑA, S.A.U. por un importe de 263.835,66 € (Base impositiva de 218.046,00 euros máis IVE do 21%: 45.789,66 euros), por cumprir os requisitos exixidos no escrito de invitación efectuado.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 263.835,66 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 92001 2279904 coa seguinte desagregación anual:

2023 12.769,24 €

2024 122.626,22 €

2025 123.937,05 €

2026 4.503,15 €

TOTAL 263.835,66 €

**10. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2022/00052006B.**

Aprobación do expediente de contratación da obras de execución do proxecto de "Senda peonil Rúa das Estrelas" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña".

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación das obras de execución do proxecto de "Senda peonil Rúa das Estrelas" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ 2022 da Deputación Provincial da Coruña" e abrir o procedemento aberto de adxudicación e tramitación ordinaria, establecendo un orzamento base de licitación de 126.172,99€ (base impositiva de 104.275,20 € máis IVE do 21% polo importe de 21.897,79 €).

Segundo. Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 126.172,99 € que se imputará á aplicación orzamentaria 100 45400 6190000 (Código de proxecto 2022 2 PPROV 35 3 INVESTIMENTOS PROGRAMA DA DEPUTACIÓN).

**11. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00041161H.**

Autorización da devolución da fianza constituída pola empresa *DESENVOLVEMENTO LOCAL GALEGO, S.L.*, en concepto de fianza definitiva, para responder do contrato de "Prestación do servizo de coordinación e funcionamento da casa das mulleres Xohana Torres". CON/19/2020

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola empresa *DESENVOLVEMENTO LOCAL GALEGO, S.L.*, por importe de 1.982,50 euros (de data: 01/10/2020) en concepto de fianza definitiva, para responder do contrato de "Prestación do servizo de coordinación e funcionamento da casa das mulleres Xohana Torres". CON/19/2020.

**12. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2021/00035715P.**

Autorización da devolución da fianza constituída pola empresa *GERSA INFORMATICA SL*, en concepto de fianza definitiva, para responder do contrato de Subministración de material de oficina para o Concello de Santiago de Compostela. LOTE II.: Folios, sobres e carpetas coa imaxe corporativa do Concello. CON/5/2019

Acórdase autorizar a devolución da fianza constituída pola *GERSA INFORMATICA SL*, por importe de 1.002,26 euros (de data: 21/06/2019) en concepto de fianza definitiva, para responder do contrato de "Subministración de material de oficina para o Concello de Santiago de Compostela. LOTE II.: Folios, sobres e carpetas coa imaxe corporativa do Concello". CON/5/2019.

**13. CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00019501R.**

Acordo de reanulización do contrato.

Acórdase aprobar o reaxuste das anualidades do contrato de "Servizo de conservación, mantemento, reposición e nova instalación da sinalización horizontal,

senalización vertical e elementos de balizamento de tráfico nas vías públicas do termo municipal de Santiago de Compostela” adxudicado pola Xunta de Goberno Local de 17 de xullo de 2023, á empresa ACEINSA MOVILIDAD S.A, cunha baixa do 25,11% a aplicar sobre o cadro de prezos unitarios recollido no prego técnico ata un máximo de 536.956,87 €/ano, IVE excluído, o IVE a soportar polo concello (21% da anterior cantidade) ascende a 112.760.94 €, adaptándose á realidade do contrato e a acta de inicio da prestación asinada, do seguinte xeito:

2023	216.572,61 €
2024	649.717,81 €
2025	649.717,81 €
2026	433.145,21 €

TOTAL 1.949.153,44 €

#### 14. **CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00014624T.**

Reaxuste anualidades do Contrato mixto de subministración e servizos enerxéticos do alumeadado público exterior do Concello de Santiago de Compostela.

Acórdase proceder ao reaxuste das anualidades do Contrato mixto de subministración e servizos enerxéticos do alumeadado público exterior do Concello de Santiago de Compostela, adxudicado a UTE “ENDESA X SERVICIOS, S.L. + FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. UNIÓN TEMPORAL DE EMPRESAS, Lei 18/1982 de 26 de maio” (abreviadamente “UTE SANTIAGO ALUMBRADO”), por importe total de 41.765.702,55 euros IVE incluído, adaptándoas á realidade do contrato do seguinte xeito:

2023 (04 meses)	1.392.190,09 euros
2024 (12 meses)	4.176.570,26 euros
2025 (12 meses)	4.176.570,26 euros
2026 (12 meses)	4.176.570,26 euros
2027 (12 meses)	4.176.570,26 euros
2028 (12 meses)	4.176.570,26 euros
2029 (12 meses)	4.176.570,26 euros
2030 (12 meses)	4.176.570,26 euros
2031 (12 meses)	4.176.570,26 euros
2032 (12 meses)	4.176.570,26 euros
2033 (08 meses)	2.784.380,12 euros
TOTAL (120 meses)	41.765.702,55 euros

#### 15. **CONTRATACIÓN.** Referencia: **2023/00047917N.**

Corrección erro nos puntos 9, 10 e 12 no acordo da Xunta da Xunta de Goberno local da sesión extraordinaria e urxente do 14 de xuño de 2023, relativos a prórrogas de contratos de aluguer dos locais 5, 6 e 4 da rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais.

Acórdase: proceder á subsanación dos erros advertidos nas propostas da Concellaría de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da administración local do 07/06/2023, así como nos puntos 9, 10 e 12 do acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, da sesión extraordinaria e urxente do 14 de xuño de 2023, relativos a Prórroga dos contratos de aluguer destinados a oficinas municipais, locais, nº 5 (Servizos Básicos Comunitarios), nº 6 (Atención ao Contribuínte) e nº 4 (Servizos Básicos Comunitarios) da rúa Presidente Salvador

Allende, de xeito que:

9.- Prórroga do contrato de aluguer do local nº 5 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios.

Onde di:

- Anualidade 2022 (15/06/2023 ata 31/12/2023): 7.474,72 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.
- Anualidade 2023 (01/01/2024 ata 14/06/2024): 6.254,36 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Debe dicir:

- Anualidade 2023 (15/06/2023 ata 31/12/2023): 7.474,72 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.
- Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 14/06/2024): 6.254,36 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

10.- Prórroga do contrato de aluguer do local nº 6 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais de Atención ao Contribuínte.

Onde di:

- Anualidade 2023 (01/07/2023 ata 31/12/2023): 6.631,86 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.
- Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 30/06/2024): 6.631,86 €, que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Debe dicir:

- Anualidade 2023 (01/07/2023 ata 31/12/2023): 6.631,86 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.
- Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 30/06/2024): 6.631,86 €, que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

12.- Prórroga do contrato de aluguer do local nº 4 na rúa Presidente Salvador Allende destinado a oficinas municipais Servizos Básicos Comunitarios.

Onde di:

- Anualidade 2022 (15/06/2023 ata 31/12/2023): 6.659,03 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.
- Anualidade 2023 (01/01/2024 ata 14/06/2024): 5.571,85 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Debe dicir:

- Anualidade 2023 (15/06/2023 ata 31/12/2023): 6.659,03 €, no que existe crédito adecuado e suficiente segundo se deriva do documento contable RC que se xunta ao expediente.
- Anualidade 2024 (01/01/2024 ata 14/06/2024): 5.571,85 €, no que queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente.

**16. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia: 2022/00043485T.**

Concesión da Convocatoria de Axudas destinadas a Apoiar ás Empresas de Economía Social de Santiago de Compostela 2022

Acórdase:

Primeiro: de acordo coa Resolución de Alcaldía 2023/13120 resolver a discrepancia e o reparo que contén o Informe de Intervención número 2092/2022, que ten que ver coa fiscalización limitada previa do expediente relativo á resolución e xustificación da convocatoria de axudas destinadas a empresas para actuacións en materia de economía social para o ano 2022.

Segundo: aprobar ante a Xunta de Goberno Local a Aprobación da concesión, xustificación e pagamento das axudas, ás empresas e polos importes relacionados a continuación que suman un total de 86.898 euros con cargo á aplicación á partida orzamentaria 2023 010 43300 4790002 DESENV EMPRESARIAL. TRANSFERENCIAS CORRENTES A EMPRESAS PRIVADAS dos orzamentos municipais de 2023

N.º EXPEDIENTE	SOLICITANTE	SOLICITADO	CONCEDIDO	PUNTUACIÓN	MINORACIÓN
2022/00049462C	SALGUEIRINOS DE CONSUMO S COOP GAL	5.000,00	5.000,00	6,00	
2022/00049470M	CONSERVATORIO HIST. DE SANTIAGO S COOP GAL	5.000,00	5.000,00	4,50	
2022/00049473P	MAOS INNOVACION SOCIAL SOC COOP GALEGA	14.504,29	5.000,00	5,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/00049475X	FLYING FUN S.COOP.GAL	3.777,54	3.593,63	6,00	Gastos non subencionables
2022/00049500N	ABELURIA S. COOP. GALEGA	5.000,00	5.000,00	6,00	
2022/00049503S	NELINES S COOP GALEGA	12.642,90	5.000,00	7,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/00049504Q	ENTRELAMPO	6.784,82	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/00049505V	COMPOSTELA INSERTA EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL SL	5.160,60	3.304,37	6,00	Gastos non subencionables
2022/00049507L	COMUNIDADE CREATIVA SOC COOP GALEGA	20.500,00	5.000,00	7,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/00049508C	RAYADOS S.COOP.GALEGA	5.000,00	5.000,00	7,00	
2022/00049510E	STRELIA ELECTROTECNICA S COOP GALEGA	9.645,15	5.000,00	5,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/00049513W	7H SOCIEDADE COOP GALEGA	7.522,67	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece

					a convocatoria
2022/00049518F	GAIA DOS NENOS S. COPP GALEGA	5.000,00	5.000,00	7,00	
2022/00049519P	ROSTROS Y MAS S. COOP GALEGA	5.000,00	5.000,00	6,00	
2022/00049520D	ASPAS EMPREGO, S.L.	5.000,00	5.000,00	4,50	
2022/00049522B	CULTURACTIVA S. COOP GALEGA	27.228,25	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/00049523N	ARTEFEITO PRODUCIONS, S.COOP.GALEGA	14.705,53	5.000,00	6,00	Excede a subvención máxima de 5.000 euros que establece a convocatoria
2022/00049524J	NUMAX S COOP GALEGA	5.000,00	5.000,00	6,50	

**17. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00031521S.**

Aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 29 de agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (Programa Vagalume) para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de trinta mil euros (30.000,00 €),

Acórdase aprobar a xustificación do convenio de colaboración asinado o 29 de agosto de 2023 entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (Programa Vagalume) para o ano 2023, e o recoñecemento da obriga, pola contía de trinta mil euros (30.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria s orzamentaria 050 23102 4800001 segundo o disposto por Acordo do Pleno Municipal do Concello de Santiago de data 09/03/2023 aprobando a relación de subvencións nominativas para o ano 2023

**18. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2023/00041023H.**

Validar a omisión da función interventora e autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de trescentos noventa e cinco mil douscentos noventa euros con oitenta e oito céntimos (395.290,88€.) a prol de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE Lei 18/1982” (U7003297-4), pola prestación do servizo do transporte urbano do mes de setembro de 2023.

Acórdase:

Primeiro: validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ó mes de setembro de 2023.

Segundo: autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de trescentos noventa e cinco mil douscentos noventa euros con oitenta e oito céntimos (395.290,88€.) a prol de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE Lei 18/1982” (U7003297-4), con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ó interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitalos.

**19. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ.** Referencia: **2023/00036944X.**

Validación da omisión da función interventora e recoñecemento da obriga e liquidación dos gastos por un importe de trescentos noventa e cinco mil douscentos noventa euros con oitenta e oito céntimos (395.290,88€.) a prol de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE Lei 18/1982” (U7003297-4), pola prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ó mes de agosto de 2023.

Acórdase:

Primeiro: Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente pola realización do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros correspondente ó mes de agosto de 2023.

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por un importe de trescentos noventa e cinco mil douscentos noventa euros con oitenta e oito céntimos (395.290,88€.) a prol de “Autobuses Urbanos de Lugo y Trap. S.A., UTE Lei 18/1982” (U7003297-4), con imputación orzamentaria á aplicación 060/44110/4790000 do orzamento.

Terceiro: Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ó interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitalos.

**20. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.** Referencia: **2023/00047380G.**

Proposta á Xunta de Goberno omisión da función interventora S/2023/190

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de VINTE TRES MIL SETECENTOS VINTE E OITO EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS (23.728,88 €) que comeza pola factura número F/2023/2016 por importe de 4.971,30 euros e finaliza pola número F/2023/3403 por importe de 5.198,95 €, en concepto de servizos de telecomunicacións plan corporativo tarifa única: extensións móbiles+fixas (CON/42/2012: bloque i-líneas) correspondentes ao período entre febreiro e maio de 2023

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**21. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.** Referencia: **2023/00047352E.**

Informe omisión da función interventor Relación contable 2023/297

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventor en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de OITOCENTOS COARENTA E SEIS EUROS CON UN CÉNTIMO (846,01 €) que comeza pola factura F/2023/2808 por importe de 30,24 euros e remata pola número F/2023/3339 por importe de 109,55 euros, en concepto de servizos de copadoras en diversas instalacións municipais correspondente ao período entre marzo e maio de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**22. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.** Referencia: **2023/00047588M.**



| Proposta á Xunta de Goberno factura Green Tal 1º trimestre ano 2023 |

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Segundo.- Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de MIL TRESCENTOS VINTE NOVE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.329,79 €) da factura F/2023/2225, en concepto de sevizos “línea verde” de Xestión de incidencias no equipamento urbán correspondente ao período entre xaneiro e marzo de 2023.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestación, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adapten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

**23. ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00047842Y.**

| **Proposta da Alcaldía de nomeamento de representante municipal no Padroado da Fundación Down Compostela.** |

Acórdase:

Primeiro. Cesar a dona Milagros Castro Sánchez como membro do Padroado da Fundación Down Compostela en representación do Concello de Santiago de Compostela, agradecéndolle os servizos prestados.

Segundo. Designar á Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, dona María Rozas Pérez, como membro do Padroado da Fundación Down Compostela en representación do Concello de Santiago de Compostela.

Terceiro. Comunicar este acordo á Fundación Down Compostela aos efectos oportunos.

**24. SERVIZOS BÁSICOS.** Referencia: **2023/00005439Q.**

| Tarifas 2023 aparcadoiro Praza Galicia |

Acórdase aprobar as tarifas do aparcadoiro público de Praza de Galicia consonte ao informado pola inspectora técnica de servizos, o que supón unha suba do 14,35% con respecto á última revisión de tarifas aprobada o 11 de abril de 2013.

**25. SERVIZOS BÁSICOS.** Referencia: **2023/00004339C.**

| Tarifas 2023 aparcadoiro Romero Donallo |

Acórdase Aprobar as tarifas do aparcadoiro público de Romero Donallo consonte ao informado pola inspectora técnica de servizos que supón unha suba do IPC dun 5,70% con respecto á última revisión de tarifas aprobada o 14 de novembro de 2022.

**26. XESTIÓN DE PERSOAL.** Referencia: **2023/00034585C.**

| Nomeamento |

Acórdase o nomeamento de Xosé Antón Freire Ramos como coordinador xeral do Concello de Santiago de Compostela, por ser o candidato que, ademais de reunir os requisitos de idoneidade, mérito, capacidade e demais requisitos recollidos nas bases da convocatoria, conta cos méritos máis axeitados para ocupar a praza obxecto de convocatoria.

**27. COMERCIO.** Referencia: **2023/00042105L.**

| Informe proposta aprobación adenda ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela, a través

dos bonos Corazón Compostela 2023. |

Acórdase aprobar unha addenda ao convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Abanca Corporación Bancaria S.A para a entrega e distribución dos fondos das axudas do programa de dinamización e incentivación do consumo no comercio e hostalería do municipio de Santiago de Compostela, a través dos bonos Corazón Compostela 2023, no senso de que o parágrafo terceiro da cláusula décimo segunda do convenio “Xustificación e inspección” queda coa seguinte redacción:

“A xustificación ante o Concello de Santiago, por parte da entidade colaboradora, dos fondos entregados e distribuídos, realizarase o 28 de decembro de 2023, como data límite, mediante a achega, ou posta a disposición ante o Concello, da seguinte información:

- Listaxe das persoas usuarias dadas de alta e importe dos consumos realizados.
- Relación das liquidacións de pagamentos efectuados aos comercios e establecementos hosteleiros adheridos.
- Número e importe total dos bonos descargados
- Importe total dos bonos trocados
- Cantidade ou saldo dos fondos non distribuídos, no seu caso, obxecto de reembolso ao Concello de Santiago, que deberá realizarse igualmente antes do 28 de decembro de 2023, incluído.

Así mesmo, a cláusula novena, debe quedar coa seguinte redacción:

Novena. Prazo de vixencia

O prazo de vixencia deste convenio comenizará a partir da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

As modificacións operadas a través desta addenda non afecta ao resto de estipulacións do convenio asinado que se manteñen na súa integridade.

## **28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00048169B.**

Tomar coñecemento da sentenza nº 380/2023 do 29.09.2023 no Recurso de Apelación 4040/2023 contra a Sentenza 385/2022 do 5 de novembro do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela no PO 97/2022 sobre licenza para a construción de edificio comercial con unidade de subministración de carburantes no Paseo Esvedro-Paseo de Amaia na parcela Z-2ª do SUNP-29 de Brandia |

Sentenza 380/2023, do 29.09.2023, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Procedemento: AP 4040/2023 TSXG-PO 97/2022 CA1 de Santiago de Compostela

Obxecto: Sentenza 385/2022, do 5 novembro, pola que se estima integramente o recurso contra o Acordo da XGL do 31.01.2022, desestimatorio do recurso de reposición presentado polo Ilustre Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia contra o Acordo da XGL de data 29.11.2021, polo que se acorda conceder a CARBURANTES LUGO, SL licenza de obras para edificio comercial e unidade de subministración de carburantes desatendida no Paseo Esvedro Paseo de Amaia, parcela Z-2A do SUNP-29 de Brandía, segundo o proxecto básico e de execución co visado do COAG de data 9.07.2020 e anexo con data de rexistro de 9.02.2021, cun orzamento de execución material de 246.588,06 euros.

A resolución é DESFAVORABLE, ao desestimar os recursos de apelación interpostos polo Concello de Santiago de Compostela e a entidade mercantil CARBURANTES LUGO. S.L. contra a Sentenza 385/2022

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial.
2. Tomar coñecemento dos informes da Asesoría Xurídica de data 23.11.2022 (AX/0245/2022); e da Dirección da Área de Urbanismo, de data 01.12.2022, relativos ao procedemento xudicial de referencia.
3. Adoptar a decisión procedente en relación coa interposición ou non do recurso de casación, e notificala á maior brevidade á Asesoría Xurídica municipal e á Dirección da Área de Urbanismo (Servizo de Licenzas)

**29. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00036718H.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no Procedemento Abreviado 274/2022 CA2. Sentenza no 210/2023 PA 274/2022 CA2

Obxecto: responsabilidade patrimonial por danos en vehículo. Contía: 4.959,19 euros. SENTIDO DA SENTENZA: a sentenza é desfavorable para o Concello, non recorrible en apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Servizo de Secretaría para a súa execución.

**30. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00047798P.**

Tomar coñecemento do Auto de desistimento recaído no Procedemento Ordinario núm. 221/2023 CA1

Resolución: Auto do 30.10.2023

Órgano Xudicial: Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PO PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000221 /2023

Obxecto: impugnación da resolución do 30.03.2023, pola que se estimou o recurso de reposición interposto por APOLO UNIVERSO, S.L. contra o Decreto nº 2023/2204 do 17.02.2023 e anular a renuncia e extinción da licenza da discoteca "Ruta".

SENTIDO DA RESOLUCIÓN: favorable aos intereses do Concello.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de apelación
3. Remitir á Área de Urbanismo para o seu coñecemento

**31. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2023/00047087X.**

Tomar coñecemento da sentenza recaída no PO 350/2022 acumulado o PO 287/2023 Social 2.

Sentenza nº 271/2023

PO 350/2022 e acumulado PO 287/2023 XS 2

Obxecto: diferenzas retributivas exercicios 2022 e 2023 entre o percibido na concesionaria e o que correspondería percibir como empregado municipal.

SENTIDO DA SENTENZA: a sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en suplicación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de suplicación.
3. Remitir aos Servizos de Persoal e Contratación para a súa execución e outros trámites que procedan.

**32. ASISTENCIA AO PLENO.** Referencia: **2023/00047788K.**

[Tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas. ]  
Acórdase tomar coñecemento das resolucións da Alcaldía e das Concellerías Delegadas do 3 ao 9 de novembro.

## URXENCIAS

**1. OFICINA ORZAMENTARIA E CONTABILIDADE** Referencia: **2023/00047788K.**  
**Aprobación de expediente de crédito extraordinario 2023-CREXT-09, de importe 424.000,00 €, e de suplemento de crédito 2023-SUPLE-07, de importe 278.217,38 €, para atender necesidades de achega municipal para o desenvolvemento de diversas actuacións enmarcadas nos programas da Deputación POS, financiado con baixas por anulación.**

Acórdase:

**PRIMEIRO:** Aprobar a creación na contabilidade municipal do proxecto de gasto 2023 2 PPROV 35, con vinculación cuantitativa e cualitativa, denominado INVESTIMENTOS PROGRAMA DA DEPUTACIÓN: PLAN ÚNICO CONCELLOS POS+ 2023>, aos efectos do sinalado nas regras 21 a 29 da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

**SEGUNDO:** aprobar o expediente de crédito extraordinario nº 2023-CREXT-09 para atender a necesidade de crédito manifestada polo centro xestor Medio Rural (CX 35) que posibilite a achega municipal necesaria para o desenvolvemento de diversas actuacións enmarcadas no programa da Deputación POS+ 2023, por un importe total de CATROCENTOS VINTE E CATRO MIL EUROS (424.000,00 EUROS), financiado con baixas por anulación.

**TERCEIRO:** aprobar o expediente de suplemento de crédito nº **2023-SUPLE-07** para atender a necesidade manifestada polo centro xestor Medio Rural (CX 35) que posibilite a achega municipal necesaria para o desenvolvemento de diversas actuacións enmarcadas nos programas da Deputación POS+ 2018, POS+ 2020, POS+ 2021 e POS+ 2022, por un importe total de **DOUSCENTOS SETENTA E OITO MIL DOUSCENTOS DEZASETE EUROS CON TRINTA E OITO CÉNTIMOS DE EURO (278.217,38 EUROS)**, financiado con baixas por anulación.

**CUARTO:** Na tramitación deste expediente de crédito extraordinario nº 2023-CREXT-09 e de suplemento de crédito nº 2023-SUPLE-07 serán de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 20 e 22 do RD 500/1990 e 169 do TRLRFL (artigo 38.2 do RD 500/1990), polo que este expediente se exporá ao público durante quince días hábiles de acordo co establecido no artigo 38 do RD 500/1990, en relación co artigo 169 do TRLRFL.

**QUINTO:** Elevar automaticamente a definitivo o expediente inicialmente aprobado de crédito extraordinario nº 2023-CREXT-09 e de suplemento de crédito nº 2023-SUPLE-07, se contra eles non se formularen algunha reclamación, procedéndose á publicación do resumo por capítulos do orzamento municipal coas modificacións aprobadas no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, remitindo copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

**SEXTO:** Igualmente, seranlle aplicables a este expediente de crédito extraordinario nº 2023-CREXT-09 e de suplemento de crédito nº 2023-SUPLE-07 as normas referentes

aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos da entidade a que se refiren os artigos 23 do RD 500/1990 e 171 do TRLRFL.

**34. CONTRATACIÓN.** Referencia: 2023/00023998J.

Autorización da posta en servizo do Pavillón do CEIP PIO XII unha vez finalizadas a totalidade das obras de eliminación de humidades da pista deportiva do pavillón e de substitución do pavimento, a excepción da colocación do equipamento (canastras) o que non impide a súa posta en servizo.

Acórdase autorizar a posta en servizo do Pavillón do CEIP PIO XII unha vez finalizadas a totalidade das obras de eliminación de humidades da pista deportiva do pavillón e de substitución do pavimento, a excepción da colocación do equipamento (canastras) o que non impide a súa posta en servizo.